

## **ENTREGA DE PREMIOS DA XII EDICIÓN DO PREMIO DE PINTURA “PINTOR J. ARGÜELLES”**

Unha vez celebrado o pasado domingo 21 de xuño a XII Edición do Concurso de Pintura “Pintor J. Argüelles” que organiza a Concellería de Cultura do Concello de Culleredo e patrocina “El Corte Inglés” coa colaboración doutras entidades como Gadisa, Opticos Sánchez Rubal, Suteqa, El desván, Puertas del Noroeste, Editorial Galaxia e o propio Concello de Culleredo, coa participación de cáseque 300 artistas, nenos e adultos, procedentes de toda a Comarca Coruñesa nas cinco categorías previstas, alevín, infantil, xuvenil, adultos e veteráns; o que constituiu un éxito de participación nunha xornada chea de colorido, que transformou o Xardín botánico nun auténtico estudo de pintura ao aire libre.

¡ Este venres 3 de xullo ás 20:30 horas!

Terá lugar na Aula da Natureza do Xardín Botánico “Ría do Burgo”, baixo a presidencia do Concelleiro de Cultura do Concello de Culleredo, D. Celestino Poza Domínguez, a entrega de premios desta edición 2009 deste premio pictórico de pintura rápida ó natural, que quere homenaxear ó seu creador D. Julio Fernández Argüelles e crear un espazo para todos os amantes da pintura. Un espazo para dar renda solta á creatividade dos nenos/as de Culleredo e dos adultos afeccionados.

Os premios serán elixidos por un xurado presidido por Dna. Cocó Argüelles, filla do querido Julio e formado polos pintores Pedro Bueno, Isabel Pintado, Lola Beade e Laureano Vidal, que estarán presentes tamén na entrega de premios xunto aos representantes das empresas colaboradoras.

Os premios consistirán en bicicletas para as categorías infantís, cedidas polo Corte Inglés e Gadisa, e material pictórico, libros, óptico para adultos, ademais de varios grabados de Julio Argüelles, cedidos pola familia.

Culleredo, 1 de xullo de 2009.  
O concelleiro de Cultura

Asdo. Celestino Poza Domínguez